

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 23 setembro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

**PUNTO 2.º COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO
INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

4. Administración do Parlamento de Galicia

4.1 Convenios e acordos

4.1.1 Convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia para o desenvolvemento dos fins da entidade, especialmente do programa de charlas divulgativas sobre o Parlamento en centros educativos de toda a comunidade autónoma e outras actuacións (outubro 2024-setembro 2025).

I. No marco do programa de fomento do coñecemento da Cámara galega e co obxectivo de que o conxunto da cidadanía coñeza e participe na actividade parlamentaria, persiste un especial empeño en reforzar as actividades dirixidas á infancia e á mocidade. Asemade o Parlamento mantendo un firme compromiso coa defensa da arte e a difusión da historia de Galicia, promove de forma individual e tamén conxuntamente con outras institucións a organización de exposicións e xornadas, edita e colabora en publicacións e realiza ou participa en actuacións que afianzan o propósito de achegar á cidadanía o Parlamento de Galicia, primeira institución da Comunidade Autónoma, condición outorgada no Estatuto de Autonomía de Galicia.

Mostra tanxible deste achegamento é o ciclo de charlas divulgativas dirixidas ao alumnado de educación secundaria, bacharelato, formación profesional e de centros universitarios ou vinculados a estes de Galicia. As Charlas - Coloquio son sesións divulgativas que teñen como obxectivo que os estudantes coñezan de preto o traballo que se desenvolve no Parlamento de Galicia. Comezaron en 2011 froito da colaboración da Cámara coa Asociación de ex-parlamentarias e ex-parlamentarios do Parlamento de Galicia, xerando desde a súa primeira edición unha demanda ascendente.

II. A Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia é unha asociación sen ánimo de lucro, que ten entre os seus fins fundacionais o mantemento de relacións de colaboración cos deputados da lexislatura correspondente e coa Mesa do Parlamento, a promoción e realización de estudos, conferencias, encontros e calquera outra actividade encamiñadas ao fortalecemento do sistema democrático, potenciar o desenvolvemento e garantías dos dereitos e liberdades fundamentais e colaborar coas institucións da Comunidade Autónoma de Galicia na difusión e defensa do Estatuto de Autonomía, ou o desenvolvemento de accións de interese común dos ex-parlamentarios, organizar actos culturais relacionados co obxecto social, entre outras que figuran nos seus estatutos.



III. Os ciclos de charlas-coloquioco alumnado da ESO, bacharelato, formación profesional e de centros universitarios ou vinculados a estes de Galicia é coñecida pola súa variedade e deslocalización. A Xunta directiva da entidade organiza, coa conformidade da Presidencia da Cámara, as charlas determinando o número e lugar segundo as peticións dos centros educativos, para ser impartidas por membros da Asociación, desde unha óptica plural na medida en que habitualmente participan representantes de formacións políticas diferentes. É de recoñecer o abano de experiencias, algunhas dos primeiros chanzos da democracia galega, que atesouran aqueles que foron deputados e deputadas da cámara, moitas constitúen unha parte da historia inesquecible da Institución, e por ende, de todos os galegos.

IV. Ao abeiro do estipulado no acordo da Mesa do Parlamento de Galicia de 1 de outubro de 2019 polo que se aprobou o Regulamento de concesión directa de subvencións á Asociación de ex-parlamentarios e ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia, o Parlamento propón a subscrición dun convenio co obxectivo de definir previamente as actuacións, garantindo así a transparencia e a integridade na xestión dos fondos dedicados, ao tempo que se establecen mecanismos de control máis rigorosos. As actuacións desta asociación responden a uns obxectivos que pola súa especificidade implican unicamente ao Parlamento de Galicia, motivo polo que se entende que sexa o Parlamento de Galicia o ente financiador por antonomasia.

V. O Parlamento de Galicia, órgano constitucional ao tenor do artigo 152.1 da Constitución, e Institución básica de Galicia, poder público galego, tal e como se desprende dos artigos 9 e 10 do Estatuto de Autonomía, ten facultade para celebrar os acordos que lle posibiliten o desenvolvemento eficaz e eficiente das funcións que estatutariamente lle corresponden.

A Administración do Parlamento axustará a súa actuación, respecto dos convenios de colaboración que poida subscribir, ao réxime establecido pola lexislación vixente en materia de réxime xurídico do sector público, sen prexuízo das especialidades derivadas da organización propia da Cámara.

VI. O Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, en adiante ROFAPG, aprobado polo Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 17 de abril de 2018, establece no seu artigo 26, que a Presidencia do Parlamento de Galicia é o órgano competente para subscribir, en representación do Parlamento de Galicia, os convenios de colaboración. Non obstante, será preceptiva a autorización previa da Mesa do Parlamento respecto da formalización de convenios que supoñan obrigas económicas para o Parlamento de Galicia superiores ás contías previstas na lexislación de contratos do sector público respecto da contratación menor.

A directora do Gabinete da Presidencia propón formalizar novamente este convenio de colaboración coa Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia ao abeiro dos artigos 6 e 7 do ROFAPG, que establecen as competencias de asistencia técnica e administrativa á presidenta ou ao presidente,

Gabinete da Presidencia
Intervención e Asuntos Económicos
Servizo de Persoal e Réxime Interior



e nomeadamente da proposta e supervisión de asinamento de convenios e do seu seguimento.

VII. Vista a proposta da directora do Gabinete da Presidencia para formalizar un convenio de colaboración para o financiamento do desenvolvemento dos fins da entidade, especialmente do programa de charlas divulgativas sobre o Parlamento en centros educativos de toda a comunidade autónoma e outras actuacións (outubro 2024- setembro 2025), ao abeiro dos artigos 6 e 7 do Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia, nos que se establecen as competencias do Gabinete da Presidencia de asistencia técnica e administrativa á presidenta ou ao presidente, e nomeadamente da proposta e supervisión de asinamento de convenios e do seu seguimento.

Consta no expediente a memoria emitida ao respecto polo xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior sobre a verificación dos requisitos para a concesión da subvención que se formalizará en convenio de colaboración; o informe favorable dos Servizos Xurídicos así como a fiscalización do expediente pola Intervención da Cámara, incluíndo a retención de crédito na partida orzamentaria 01.01.111B.481.05 do estado de gastos do orzamento de 2024.

A Mesa adopta o seguinte acordo:

1º) Autorizar a formalización do convenio de colaboración entre o Parlamento de Galicia e a Asociación de Ex-parlamentarios e Ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia para financiar o desenvolvemento dos fins da entidade, especialmente do programa de charlas divulgativas sobre o Parlamento en centros educativos de toda a comunidade autónoma e outras actuacións (outubro 2024-setembro 2025).

2º) Autorizar o gasto por un importe máximo de 26.500€ con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.481.05 do estado de gastos do orzamento de 2024.

3º) Comunicarlles este acordo ao Gabinete da Presidencia da Cámara, á Intervención e Asuntos Económicos e ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2024

Xosé Antón
Sarmiento Mendez,
Letrado Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior,
email=x.sarmiento@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2024.09.26 11:32:26 +02'00'

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

Gabinete da Presidencia
Intervención e Asuntos Económicos
Servizo de Persoal e Réxime Interior



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 26/09/2024 14:33:42
Nº Rexistro: 3024
Data envío: 26/09/2024 14:33:42.828

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 26/09/2024 11:32:26

CSV: REXISTRO-Bb2z9dCXf-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

